


PAIS E NAIS



ESTES E
MOITOS MÁIS NA BIBLIOTECA DO INSTI-
TUTO

ACHÉGATE! E LÉVAOS EN EMPRÉSTITO
CO CARNET DO TEU FILLO OU FILLA!!!!



IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA ESPECIAL NADAL 2009



*Agasalla libros
polo Nadal*

1º e 2º da ESO





Anxo Fariña. Os Megatoxos e os templarios da luz.

Terceira entrega da colección dos Megatoxos. Ruxe, Faísca, Ninfa e Lúa, compañeiros de escola, van compartir unha experiencia que mudará as súas vidas. Atoparemos importantes novidades para as personaxes principais. Achégate ás aventuras dos Megatoxos.

Benjamín Lacombe e Sébastien Perez. Genealogía de una bruja.

Este libro son dous libros, unha xoia ilustrada que apetece mirar, uliscar, apertar... *La pequeña bruja* e *Brujas y Hechizos*. Un libro está dentro do outro, pero ao mesmo tempo nada teñen que ver. No primeiro coñecemos a historia da protagonista, e no segundo fálasenos de coñecementos máxicos. Tamén contén a historia de trece mulleres sospeitosas de bruxería: Lilith, Isis, Medusa, Yama Uba, Gretchen, Juana de Arco, Mona Lisa, Malvina (a bruxa de Brancaneves), Leonora Dori, Mary e Anny (dúas piratas) e Mambo (Marie Laveau).




Emily the Strange é inconformista, diferente do resto e firme seguidora de si mesma. Tan só a acompañan os seus gatos, e o seu mundo unicamente ten tres cores: o vermello, o branco e —o seu favorito— o negro. Escoita rock e punk, interésase polas ciencias e as matemáticas, e detesta o rosa e á súa antítese, Hello Kitty.

1º e 2º da ESO

O Aniversario de Astérix e Obélix.

Para celebrar o 50º aniversario do nacemento de Astérix, que tivo lugar o 29 de outubro de 1959 nas páxinas da revista francesa Pilote, **Uderzo**, un dos dous pais da criatura, preséntanos un álbum moi especial: moitos dos amigos de Astérix reúnense para entregarlle un agasallo co que celebrar tan sinalada data. Cal será? Para descubriro haberá que ler este orixinal álbum, que destaca sobre todo polo seu magnífico traballo gráfico.



Jordi Sierra i Fabra.

Kafka e a boneca viaxeira.

Velaquí un libro que fala dun misterio: o que argallou o escritor Franz Kafka cunha nena que perdera a súa boneca. Para consolala, o grande escritor foille contando, a través de cartas, o periplo polo mundo da boneca perdida. Un libro que contaxia emoción e paixón pola literatura.

Agustín Fernández Paz. Lúa do Senegal.


Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa dunha rexión ao sur do Senegal para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra a vida é dura, non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África. O único lazo entre a nova realidade e o mundo que deixou atrás é a Lúa que brilla no ceo polas noites, que serve, ademais, para marcar o paso do tempo.



1º e 2º da ESO


María Reimóndez e Iván Sende. O monstro das palabras.

Alba e Lela chegan unha miga máis tarde á escola e atópanse con que xa están sentados todos os nenos e nenas, mais ninguén fala, só tatexan unhas palabras sinxelas. Nese momento chega a mestra, que axiña lles di que todo indica a chegada do monstro, que ela xa coñece. Ante o abraio das nenas, a mestra descóbrelles que, en realidade, ela non é unha persoa "normal", que ten centos de anos, e que é unha gardadora de palabras.



Rosa Aneiros. Ás de volvoreta.

Na cafetaría de Patricia, conflúen cada mañá, Manuel, un neno de orixe africana, a quen lle morreu a súa nai adoptiva; Lola e Eusebio, un matrimonio de persoas maiores que viven soas; Iqbal, un mozo paquistaní que decidiu marchar de Londres tras os atentados terroristas do 2005; Paco e Adolfo, dous homes covardes que non aprenderon a considerar as súas mulleres como compañeiras de viaxe...




DVD: Charlie e a fábrica de chocolate.

O último que Charlie ve dende a súa ventá antes de deitarse é a gran fábrica na que non entra nin sae ninguén, pero que segue a elaborar cantidades de chocolate que se envían a tendas de todo o mundo. Un día faise un anuncio: a fábrica revelará todos os seus segredos aos afortunados que atopen uns billetes dourados, no interior de cinco chocolatinas. Nada faría máis feliz á familia de Charlie que velo gañar, pero ten poucas posibilidades, xa que só poden mercar unha chocolatina ao ano, para o seu aniversario.



PAIS E NAIS



IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA ESPECIAL NADAL 2009



*Agasalla libros
polo Nadal*

ESTES E
MOITOS MÁIS NA BIBLIOTECA DO INSTI-
TUTO

ACHÉGATE! E LÉVAOS EN EMPRÉSTITO
CO CARNET DO TEU FILLO OU FILLA!!!!





Mary Ann Shaffer. La sociedad literaria y el pastel de piel de patata de Guernsey.

Xaneiro de 1946: Londres emerge das sombras da II G.M.. Juliet Ashton recibe a carta dun descoñecido, nativo da illa de Guernsey. A medida que Juliet e o descoñecido intercambian cartas, ela queda atrapada no mundo deste home e das súas amizades, que resulta ser un mundo marabillosamente excéntrico.

Benjamín Lacombe e Sébastien Perez. Genealogía de una bruja.

Este libro son dous libros, unha xoia ilustrada que apetece mirar, uliscar, apertar... *La pequeña bruja* e *Brujas y Hechizos*. Un libro está dentro do outro, pero ao mesmo tempo nada teñen que ver. No primeiro coñecemos a historia da protagonista, e no segundo fálanos de coñecementos máxicos. Tamén contén a historia de trece mulleres sospeitosas de bruxería: Lilith, Isis, Medusa, Yama Uba, Gretchen, Juana de Arco, Mona Lisa, Malvina (a bruxa de Brancaneves), Leonora Dori, Mary e Anny (dúas piratas) e Mambo (Marie Laveau).



Kressmann Taylor. Enderezo descoñecido, publicada en 1938, foi considerada unha obra "perfecta", aínda que desapareceu das librerías europeas por ser inscrita na lista dos libros prohibidos do III Reich. Sorprende sobre todo que a autora (autora, si, aínda que os editores cambiáronlle o nome) tivese a lucidez naquel ano de saber o que ía ocorrer na Alemaña nazi.

O Aniversario de Astérix e Obélix.

Para celebrar o 50º aniversario do nacemento de Astérix, que tivo lugar o 29 de outubro de 1959 nas páxinas da revista francesa Pilote, **Uderzo**, un dos dous pais da criatura, preséntanos un álbum moi especial: moitos dos amigos de Astérix reúnen-se para entregarlle un agasallo co que celebrar tan sinalada data. Cal será? Para descubri-lo haberá que ler este orixinal álbum, que destaca sobre todo polo seu magnífico traballo gráfico.



Jordi Sierra i Fabra.

Kafka e a boneca viaxeira.

Velaquí un libro que fala dun misterio: o que argallou o escritor Franz Kafka cunha nena que perdera a súa boneca. Para consolala, o grande escritor foille contando, a través de cartas, o periplo polo mundo da boneca perdida. Un libro que contaxia emoción e paixón pola literatura.

Sérgio Klein. Poderosa 2.

Todo o que escribe coa man esquerda convértese en realidade, e isto fai que Joana Dalva sexa unha persoa moi especial. Como debe usar ese poder para curar a súa avoa?, como axudar a unha amiga a curarse da anorexia?, ou, como escapar dun secuestro? Estes son algúns dos desafíos que «a rapaza que ten o mundo na man» relata no seu diario. Neste segundo título da serie, Sérgio Klein adéntrase no complexo mundo da adolescencia e embárcanos na aventura de descubri-lo.



Hernández-Cava, Felipe e Seguí, Bartolomé. As serpes cegas.

A Ben Koch búscalo un home estraño que viste de vermello, mais el aínda non o sabe porque ten a cabeza noutro lado. O propio Ben anda á súa vez na procura de alguén. Estamos en Nova York en 1939, a Guerra Civil está rematando e antes da tormenta mundial que se aproxima, algunhas contas deben ser saldadas.



Anne-Lise Grobéty. O tempo das palabras en voz baixa.

Este libro, emocionante e fermoso, ilustrado por Esperanza León, fálanos sobre os campos de exterminio nazi do pobo xudeu, esa parte terrorífica da historia da humanidade; é tamén unha lección sobre ata onde poden chegar os límites da amizade. Un libro de ton intimista e silencioso que alerta sobre o perigoso do esquecemento e a importancia da memoria para que non se cometan os mesmos erros.




DVD: Corazón de tinta.

Baseada no primeiro libro da triloxía de Cornelia Funke. Mortimer "Mo" Folchart e a súa filla Meggie de 12 anos de idade, comparten a paixón pola literatura. Teñen tamén un talento único para facer que as personaxes dos libros cobren vida con só ler en voz alta. Pero existe un perigo: por cada personaxe dun libro que traen á vida, unha persoa real debe desaparecer entre as páxinas.



PAIS E NAIS



ESTES E
MOITOS MÁIS NA BIBLIOTECA DO INSTI-
TUTO

ACHÉGATE! E LÉVAOS EN EMPRÉSTITO
CO CARNET DO TEU FILLO OU FILLA!!!!



IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA ESPECIAL NADAL 2009



*Agasalla libros
polo Nadal*

1º e 2º de Bacharelato



Mary Ann Shaffer. La sociedad literaria y el pastel de piel de patata de Guernsey.

Xaneiro de 1946: Londres emerge das sombras da II G.M.. Juliet Ashton recibe a carta dun descoñecido, nativo da illa de Guernsey. A medida que Juliet e o descoñecido intercambian cartas, ela queda atrapada no mundo deste home e das súas amizades, que resulta ser un mundo marabillosamente excéntrico.

Didier Lefèvre e Emmanuel Guibert . El fotógrafo' Vols I, II, e III.

Tres tomos nos que vivimos a expedición dun equipo de Médicos sen fronteiras a Afganistán, en plena guerra entre os soviéticos e os mujahidin (1986), contado polo fotógrafo que os acompaña. Unha historia real que combina as fotografías que este realizou, xunto coa historia contada en banda deseñada.



Kressmann Taylor. Enderezo descoñecido.



Kressmann Taylor. Enderezo descoñecido.

Publicada en 1938, foi considerada unha obra "perfecta", aínda que desapareceu das librerías europeas por ser inscrita na lista dos libros prohibidos do III Reich. Sorprende sobre todo que a autora (autora, si, aínda que os editores cambiáronlle o nome) tivese a lucidez naquel ano de saber o que ía ocorrer na Alemaña nazi.

1º e 2º de Bacharelato

María Zaragoza e Dídac Plà. Cuna de cuervos.

Cómic totalmente desolador e impresionante, cun novo concepto de novela gráfica que nos achega ao mundo da soidade e da inxustiza, do que queremos ser e non somos, da necesidade de ser amados, da insolidariedade e da morte. A literatura, de fondo. Un libro que vos recomendo, e que, ademais, poderíamos telo incluído na Guía de Violencia de Xénero de telo coñecido con anterioridade...



Miguel Anxo Murado. Fin de século en Palestina.

No ano 1998, o autor é enviado a Xerusalén polas Nacións Unidas para colaborar coa Autoridade Palestina, como «un dos maiores expertos en estatísticas agrarias do seu país». Había un problema: el era xornalista, non enxeñeiro. A súa estancia no país prolongárase cinco anos. No libro relátanos o día a día duns habitantes que ollan con escepticismo os Acordos de Oslo, e prepáranse resignados para a inminente Segunda Intifada.

Mathias Malzieu. La mecánica del corazón.

Un conto fermoso e triste, un canto ao amor, ou ao exceso do mesmo, unha denuncia da crueldade e do rexeitamento do diferente. Unha fábula da que nada contarei -está en todas partes o seu argumento- para quedarme coa súa maxia. Lédeo, animádevos, ademais de empregardes pouco tempo (lese deseguida!) soñaredes e sentiredes, porque os contos habitan no noso interior, e porque, a pesares de todo, cremos no noso corazón.



1º e 2º de Bacharelato


Hernández-Cava, Felipe e Seguí, Bartolomé. As serpes cegas.

A Ben Koch búscalo un home estraño que viste de vermello, mais el aínda non o sabe porque ten a cabeza noutro lado. O propio Ben anda á súa vez na procura de alguén. Estamos en Nova York en 1939, a Guerra Civil está rematando e antes da tormenta mundial que se aproxima, algunhas contas deben ser saldadas.



Suso de Toro. Sete palabras.

Este relato é unha investigación radical e íntima, unha historia de familia, un retrato particular e colectivo dos humildes, onde se acrisolan os diferentes xéneros literarios para achegarnos á esencia da vida. O autor fainos pasar da reflexión ao sorriso, con bravura e con tenrura, atopando nas experiencias da pobreza e da vida máis humilde as referencias primeiras que fundan a cultura occidental.



DVD: Ágora.

No século IV, Exipto era unha provincia do Imperio Romano. A súa cidade máis emblemática, Alexandría, convertérase no último baluarte dun mundo en crise, confuso e violento. No ano 391, as revoltas acadaron unha das súas institucións máis lendarias: a biblioteca. Atrapada tras os seus muros, a brillante astrónoma Hypatia, filósofa e atea, loita por salvar a sabedoría do mundo antigo.

